

II PREMIO DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO RAMÓN BALTAR FEIJÓO 2020

A Fundación Rosalía de Castro convoca o Premio de investigación e ensaio “Ramón Baltar Feijóo” para contribuír ó fomento do estudo do período histórico relativo ó fondo documental que leva o seu nome e que foi depositado no Arquivo da Casa de Rosalía pola familia Baltar García-Peñuela, así como tamén para honrar os valores de protección e mecenado da familia para con Padrón, coa cultura galega en xeral e para con figuras de tanta relevancia coma Rosalía de Castro, Manuel Murguía ou Alfonso Daniel R. Castelao. O premio terá carácter bianual.

BASES:

- Poderán concorrer ó II PREMIO DE INVESTIGACIÓN E ENSAIO RAMÓN BALTAR FEIJÓO todas aquelas obras de ensaio ou investigación publicadas ó longo dos anos 2018 e 2019, sexan libros ou documentais.
- Estes traballos deberán estar en relación con algún aspecto do fondo documental, sexa cronolóxico e que vaia do Rexurdimento á Xeración Nós, ou sexa temático: historia e literatura deste período ou referida a Padrón.
- As obras poderán ser presentadas a concurso tanto polas editoriais ou produtoras como polos membros do xurado constituído. O prazo de presentación rematará o 30 de setembro de 2020.
- O xurado será designado pola Fundación entre personalidades do mundo da cultura e membros da propia institución. Actuará como secretario do premio o secretario da Fundación.
- A decisión do xurado será inapelábel.
- A entrega do premio, que será honorífico (diploma e insignias da Casa de Rosalía), terá lugar no transcurso dun acto a celebrar no auditorio da Fundación Rosalía de Castro a finais de 2020.